

## Informe da Directora. Xunta de Escola, 2 de Outubro de 2019

### 1 Actividades de representación

- 7 de setembro. Asistencia de Javier Taboada, en representación do centro, ao evento organizado polo persoal de Mina Touro a quen se agradece a súa colaboración.
- 25 de setembro. Participación da directora na mesa redonda “*A minaría, motor do desenvolvemento social*”, organizada pola Plataforma Minería Sostible de Galicia e a “Confederación Nacional de Empresarios de la Minería y la Metalurgia” (CONFEDEM).
- 27 de setembro. Asistencia da directora, en representación do centro, ao evento “*IV Noite da Industria*”, organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

### 2 Reunións de traballo

- 29 agosto. Asistencia de David Patiño, como subdirector de infraestruturas do centro, á reunión convocada pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade para a información do novo procedemento de sinatura de actas e do servizo de reprografía.
- 10 de setembro. Reunión de traballo da directora con Belén Sio Lurido, directora xeral de ACLUXEGA.
- 16 de setembro. Reunión de Iago Pozo, responsable de RRII do centro, coa directora da ORI, Amelia Rodríguez Piña, a directora da Área de Internacionalización, Laura Movilla, e a técnica de relacións internacionais, María Pardal, co obxectivo de desenvolver o proxecto ERASMUS K107.
- 18 de setembro. Reunión da directora e Iago Pozo coa Delegación de alumnado.
- 18 de setembro. Reunión de Iago Pozo, como responsable de actividades de divulgación do centro, co persoal técnico da Unidade de Cultura Científica da UVigo.
- 25 setembro. Reunión de traballo da Directora e David Patiño co persoal do IES A Paralaia (Moaña) para o desenvolvemento do Programa STEMBach. A Escola foi seleccionada polo IES para desenvolver o Programa STEMBach para 6 estudantes coa temática de máquinas e motores térmicos.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

### 3 Mobilidade e Internacionalización

#### 3.1 Participación no Encontro Cooperación Universitaria

Os días 24 e 25 de setembro Iago Pozo participou, como responsable de RRII do centro, no “Encontro de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento para o PDI” impartindo a conferencia “*España-Chile na dirección dun aproveitamento de recursos mineiros e enerxéticos*”.

## 3.2 Mobilidade alumnado do centro (mobilidade entrante)

Universidade de orixe	País	Mobilidade
Fachhochschule Flensburg	Germany	Erasmus+
Universidad Católica del Norte	Chile	Acordo Internacional
Universität Siegen	Germany	Erasmus+
Università degli Studi di Cagliari	Italy	Erasmus+
National Technical University of Athens	Greece	Erasmus+
Universidad Católica del Norte	Chile	Acordo Internacional
Bulent Ecevit University	Turkey	Erasmus+

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo como responsable de RRII do centro.

## 4 Igualdade

### 4.1 Concesión de financiación para proxecto

A Directora informa da concesión o 31 de xullo da axuda solicitada á Deputación de Pontevedra polo Enlace de Igualdade do centro para a realización do proxecto "Ingreso, rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de enxeñaría da UVIGO", integrando na participación do proxecto a 10 investigadoras e investigadores da UVIGO e a UDC. A solicitude foi avaliada coa puntuación máxima e concedeuse o 100% do solicitado (3000€). Actualmente o proxecto está en fase de desenvolvemento: deseñouse unha enquisa para recoller información das persoas egresadas en relación a súa situación laboral.

### 4.2 Desenvolvemento do estudo de empregabilidade das enxeñeiras

Ou día 8 de agosto, Teresa Rivas, en calidade de Enlace de Igualdade do centro, reuniuse coa Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia para solicitar a colaboración entre a Secretaría de Igualdade, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVIGO, e a Escola de Enxeñaría Naval da UDC para levar a cabo un estudo sobre o grado de empregabilidade da muller no ámbito da enxeñaría de minas e enerxía e a enxeñaría naval en Galicia.

### 4.3 Organización de Xornada

O Enlace de Igualdade do centro organizou a Xornada "A Muller na profesión de Enxeñaría de Minas e Enerxía: unha mirada da experiencia persoal", actividade organizada pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e financiada pola Unidade de Igualdade da Universidade. Durante a xornada falarase dos problemas que teñen as mulleres enxeñeiras para acceder e desenvolver a súa profesión no campo da enxeñaría mineira e da enerxía. A xornada terá lugar o **25 de outubro**; a inscrición (de balde) realízase na ligazón <https://forms.gle/6gXNtaSjAcvZmJG77>, enviando un correo electrónico a [eme@uvigo.es](mailto:eme@uvigo.es) ou chamando ao 986811922.

### 4.4 Participación na Xornada "O talento feminino SUMA"

24 de setembro. Asistencia de Teresa Rivas, como Enlace de Igualdade do centro, a II edición das xornadas "O talento feminino SUMA".

Agradécese o traballo realizado por Teresa Rivas como responsable de Igualdade do centro.

## 5 Mentorización

O xoves 5 de setembro os tres novos estudantes mentores da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía remataron a súa formación de 76 horas (58.50 horas presenciais + 17.50 horas non presenciais). Incorporáronse xa ao equipo de mentorización da emE para levar a cabo as tarefas de voluntariado que se planifican dentro do MEET-UVigo. Neste curso 2019-20 contamos co seguinte alumnado:

- Mentores que continúan coa actividade de voluntariado:
  - Santiago Domínguez Blanco
  - Hugo Fernández Oliveira
  - Alejandro Casal Barreiro
- Mentores/as que se incorporan no curso 2019-20
  - Marta María Caride Pérez
  - José María Parra Urrea
  - Matías Álvarez Rodríguez.

O alumnado de novo ingreso foi distribuído en grupos, asignóuselle unha persoa mentora e, o día 18 de setembro, tivo a súa primeira reunión.

Agradécese o traballo realizado por Ángeles Saavedra, Eduardo Liz e Itziar Goicoechea como responsables do programa de mentorización do centro e ao estudiantado que participa no equipo de mentorización.

## 6 Calidade

### 6.1 Resultados das enquisas de avaliación satisfacción coas titulacións (estudiantado e profesorado)

17 de setembro. A Área de Calidade da UVIGO publicou os resultados das enquisas de avaliación da satisfacción coas titulacións de Grao e de Máster do curso 2018/19 para os colectivos de estudiantado e profesorado. Procederáse a revisar os resultados e informar dos mesmos a comunidade universitaria do centro.

### 6.2 Re-certificación do Sistema de Calidade da Escola

A Directora sinala que o centro ten que pasar o procedemento de re-certificación da implantación do SGIC, que implica a avaliación do IRPD e a realización dunha visita ao centro ao longo do curso 2019/20.

A directora agradece a labor realizada por Guillermo García como coordinador de Calidade do centro.

## 7 Difusión e divulgación

### 7.1 Envío de información aos centros de IES e Bacharelato

O 28 de agosto enviouse a tódolos centros de ensinanza de ESO e Bacharelato de Galicia a información coa oferta do centro de actividades de difusión, divulgación e formación: taller de recoñecemento de minerais, charlas divulgativas e monográficas, exposición itinerante, xornadas de portas abertas, Aula aberta á TecnoCiencia. A directora invita ao persoal docente e investigador a participar nestas actividades de difusión e divulgación. A listaxe de charlas monográficas é a seguinte:

- Materiais intelixentes e outras aplicacións
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella para a inspección de instalacións enerxéticas
- Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Explotación de petróleo e gas natural
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- O escándalo das emisións en motores diésel (*Dieselgate*)
- Conservación do *street art*
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído.
- ¿Que fai un/unha enxeñeir@ de minas conservando patrimonio cultural?
- Sustentabilidade da explotación dos recursos
- Minaría espacial

## 7.2 Participación na Xornada de Benvida da UVIGO

Os días 4, 5 e 6 de setembro a Escola participou na Xornada de Benvida da UVIGO, nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo. <https://tv.uvigo.es/video/5d795e7e1e19c060253b4399>.

## 7.3 Concursos

Convocáronse catro concursos do centro (Enfoca.RME, Excava.RME, Enerxiza.RME e Curtametraxes Enerxéticas), algúns deles destinados de forma específica ao estudiantado de ESO e Bacharelato. A información está dispoñible na web do centro.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/catro-concursos-proxectar-escola-enxenaria-minas-enerxia-cara-sociedade>

## 7.4 Novo espazo Web

O 1 de outubro publicouse o novo espazo web. Solicítase aos membros da Xunta de Escola avisen se identifican erros ben na estrutura ou nos contidos da web. A directora informa ao profesorado da necesidade de actualizar a información dispoñible na web do seu CV e titorías (enviando correo electrónico a [eme.negociado@uvigo.es](mailto:eme.negociado@uvigo.es), de ser posible, en castelán, galego e inglés). Tamén da conveniencia de incluír unha fotografía dunha calidade determinada, polo o centro convocará dúas sesións fotográficas.

Agradécese a Iago Pozo o labor desenvolvida nestas actividades como responsable de actividade de difusión e divulgación do centro.

# 8 Desenvolvemento das titulacións

## 8.1 Xornada de benvida ao estudiantado do novo ingreso dos graos

- O 6 de setembro celebrouse a Xornada de Benvida para o estudiantado de novo ingreso nas titulacións de grao do centro, asistindo un total de 35 estudantes. Participaron no desenvolvemento desta xornada o equipo directivo e a Delegación de Alumnado, que acompañou ao estudiantado nunha visita guiada polo centro.
- O 11 de setembro celebrouse a sesión informativa na que participaron a Área de Benestar, Saúde e Deporte, o Centro de Linguas e a Unidade de Igualdade da escola.

- O mércores 18 de setembro celebrouse a primeira reunión dos *Mentees* cos correspondentes mentores e mentoras, dentro do Programa de Mentorización da Escola (MEET-EME).
- O mércores 25 de setembro e o mércores 2 de outubro ofertouse un curso sobre emprego de recursos didácticos da biblioteca, impartido por persoal da Biblioteca.

Agradécese ás persoas involucradas nestas actividades a súa participación e a María Araújo a organización e coordinación das mesmas.

## 8.2 Xornada de benvida ao estudiantado de novo ingreso do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

O 16 de setembro celebrouse a Xornada de Benvida para o estudiantado de novo ingreso do Máster en Enxeñaría de Minas, actividade na que participaron a coordinadora da titulación e Iago Pozo, como responsable de RRII do centro.

## 8.3 Datos de matrícula

Unha vez pechados todos os prazos de matrícula, os datos finais son os seguintes:

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: 9
- Grao en Enxeñaría da Enerxía: 31
- Máster en Enxeñaría de Minas: 11 matriculados a data actual. No terceiro prazo de matrícula están inscritos 7 estudantes máis. A distribución por titulacións de acceso é a seguinte: 7 do GERME, 9 do GEE, 1 Estranxeiro e 1 do Grao en Enxeñaría Xeolóxica.

## 9 Actividades desenvolvidas no centro

### 9.1 Curso ciencia e tecnoloxía nuclear

A Directora informa de que o pasado 26 de setembro celebrouse no centro o “Curso básico sobre ciencia e tecnoloxía nuclear”, organizado pola asociación “Jóvenes Nucleares”, evento ao que asistiron 100 estudantes dos tres centros do ámbito tecnolóxico da Universidade de Vigo.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/100-persoas-participan-campus-nun-obradoiro-basico-ciencia-tecnoloxia-nuclear>

## 10 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

### 10.1 Solicitudes de Prácticas de Campo

A Directora informa de que se publicou a convocatoria de Prácticas de Campo para o curso 2019-2020 e infórmase a todo o profesorado con docencia na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía que as solicitudes para o primeiro cuadrimestre deberán efectuarse no Negociado de Asuntos Xerais da Escola antes do vindeiro 11 de outubro de 2019, segundo o procedemento establecido polo centro.

### 10.2 Novo procedemento de sinatura de actas

Trasladouse desde o centro a instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado sobre o novo procedemento para cubrir as actas das ensinanzas de Grao e Máster. As principais características deste novo procedemento de sinatura dixital de actas son:

- O profesorado cubrirá e pechará as actas como ata o de agora.
- Unha vez pechada a acta, unicamente os/as coordinadores da materia en POD deberán confirmar que a acta é correcta. Esta confirmación realizarase mediante a verificación dun código enviado por SMS ao seu teléfono móbil.
- Unha vez confirmada a acta será asinada dixitalmente de forma automatizada cun certificado de selo de entidade.

Na sección de Axuda da Secretaría pódese atopar a información e unha guía paso a paso de como asinar actas segundo o novo procedemento.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/axuda/faq/show/83/>

### 10.3 Novo sistema de reprografía

A Directora sinala que a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade convocou unha reunión informativa o 29 de agosto sobre este tema. Nesta reunión informouse de que a empresa concesionaria comunicou, na primeira semana de agosto, o abandono do servizo. Como solución extraordinaria e temporal, desde a vicerreitoría propónse situar máquinas de auto-servizo nos centros dos Campus de Vigo e Pontevedra e a apertura dun punto de atención física no centro comercial de Cidade Universitaria mentres non se adxudique o novo contrato.

### 10.4 Incorporación persoas bolseiras

Con data 1 de outubro María Pazo Rodríguez incorporouse como bolseira de formación do centro para realizar actividades de Divulgación Científica e está a traballar baixo a titorización de Iago Pozo, responsable destas actividades no centro.

O 1 de outubro incorporáronse ao centro os bolseiros Aarón Comesaña Barbosa e Antón Núñez Seoane para desenvolver actividades relacionadas cos sistemas informáticos no curso 2019/2020. Terán unha dedicación de 20 horas/semana, e traballarán baixo a titorización de David Patiño, responsable de infraestruturas no centro.

### 10.5 Asignación despachos a profesorado

Enviouse un correo electrónico o día 13 de setembro habilitando un prazo para que o profesorado con docencia na EE de Minas e Enerxía que precise dispoñer dun espazo neste centro para atender titorías, presentara ou enviara unha solicitude por correo electrónico, dirixida á Dirección da Escola, a través do Negociado de Asuntos Xerais. O prazo estivo aberto ata o 20 de setembro e se recibiron dúas solicitudes que foron atendidas.

### 10.6 Novo procedemento de acceso ao centro en datas non lectivas

Recibiuse unha instrución da Xerencia pola que se regula o desenvolvemento do peche dos centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo no período comprendido entre o 7 e o 19 de agosto. Do procedemento de acceso en datas non lectivas cómpre destacar os seguintes puntos:

- Para acceder ao centro utilízase o sistema electrónico mediante lector de tarxetas instalado na correspondente porta do edificio, non estando permitido o acceso por ningunha outra porta nin mediante chaves. A mesma tarxeta utilízase para rexistrar tanto a entrada (lector exterior) como a saída (lector interior).
- Para incidencias será necesario poñerse en contacto co Servizo de Seguridade (Prosegur, teléfono: 618 873 387/ 986818619).
- O alumnado do centro, alumnado de doutoramento, persoas bolseiras, persoal contratado con cargo a proxectos / programas de investigación, persoal investigador externo ou outras persoas terán que solicitar ao centro autorización de acceso e activación

da tarxeta asinada polo responsable da actividade do solicitante. A solicitude farase enviando o correspondente formulario (dispoñible na web do centro) ao enderezo [eme.negociado@uvigo.es](mailto:eme.negociado@uvigo.es).

## 10.7 Planificación das enquisas de avaliación docente

Habilitouse o prazo de planificación das enquisas de avaliación docente para o profesorado para as materias do primeiro cuatrimestre (26 de setembro a 13 de outubro). As enquisas teñen que estar planificadas para súa realización entre o 4 de novembro e o 20 de decembro de 2019.

## 11 Actividades desenvolvidas polos membros da Comunidade Universitaria do centro

### 11.1 Estancia de investigación do profesor Benito Vázquez

O profesor Benito Vázquez Dorrió fixo unha estancia de investigación de tres meses no “Laboratorio Nacional de Óptica de la Visión” en León-Guanajato (México) <https://cio.mx/> e colaborou co profesor Daniel Malacara. Tamén participou en setembro na 16 Conferencia HSci2019 en Kharkiv (Ucrania) <http://www.hsci.info/hsci2019/> contando a súa experiencia nos Clubes de Ciencia Perú @CdeCPeru e como embaixador de @scientix\_eu.

### 11.2 Desenvolvemento de proxecto

Persoal docente e investigador dos grupos de investigación de Tecnoloxías Enerxéticas e Geotecnoloxías Aplicadas participan no desenvolvemento dun proxecto de investigación co obxectivo de deseñar ferramentas que permitirán reducir un 25% os custos enerxéticos de climatización de edificios. A información básica pode consultarse no link:

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/empresas-universidade-desenan-ferramentas-que-permitiran-reducir-25-os-custos-enerxeticos>

### 11.3 Asistencia a congreso e viaxe profesores Leandro Alejano e Ignacio Pérez

Os profesores da Escola Leandro Alejano e Ignacio Pérez asistiron ao 14 ISRM *International Congress on Rock Mechanics and Rock Engineering* celebrado en Foz de Iguazu (Brasil) do 13 ao 19 de setembro. Así mesmo, visitaron en Lima a “Universidade Nacional de Ingeniería” (UNI), invitados polo profesor David Córdova Vermellas, e a “Pontificia Universidade Católica” do Perú (PUCP), invitados pola profesora Dra. Maribel Guzmán. En ambas universidades impartiron conferencias sobre casos de estudo con aplicación á mecánica de rochas.

## 12 Persoas egresadas

### 12.1 Escrito Certificación Enerxética

Desde a dirección do centro enviouse unha alegación no prazo habilitado polo “Ministerio para la Transición Ecológica” para a redacción da proposta do Real Decreto que modifica o RD 235/2013, de 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios. En particular, solicitouse incluír a posibilidade de que poida habilitarse como *técnico competente* en relación á certificación enerxética de edificios o persoal que acredite formación, experiencia en función da complexidade do proceso de certificación, tal como contempla a disposición adicional cuarta da normativa actual.

## 13 Próximas actividades

### 13.1 Defensa de Traballos Fin de Grado

O próximo 3 de outubro realizarase o acto de exposición pública dos TFG da convocatoria Fin de Carreira (8 TFG en total).

### 13.2 Actividades da Delegación de Alumnado

Delegación de Alumnado está a organizar o “Mes Cultural de Santa Bárbara”. Polo de agora están programadas as seguintes conferencias que, en principio, se impartirán en horario de 13:00 a 14:00 no aula M-106:

- Mércores 6 de novembro. "*Patrimonio Paleontolóxico e Minería*", José Bienvenido Díaz Ferrer.
- Mércores 20 de novembro. Charla sobre enerxías renovables mariñas, Carlos Pérez Collazo (gravarase en UVIGO TV).
- Mércores 4 de decembro. "*Novos disolventes para a extracción de compostos aromáticos de correntes de refino de petróleo*", Ángeles Domínguez Santiago.

Infórmase de que un ou dous días antes de cada charla enviarase desde o centro un comunicado recordando a celebración de cada conferencia.

Agradécese o traballo desenvolvido por a Delegación de Alumnado na organización destas charlas e a colaboración do PDI implicado.

### 13.3 Eleccións postos vacantes na Xunta Escola

Habilitouse o procedemento de eleccións para cubrir vacantes no sectores alumnado, PDI-B e PAS en Xunta Escola. A directora informa sobre as datas do calendario electoral e sinala que se publicará a información relativa ao proceso electoral na Web do centro.

### 13.4 Campaña Doazón Sangue

O martes 8 e mércores 9 de outubro, de 9:30 a 14:30 e de 15:30 a 21:00, a unidade móbil de doazón de sangue estacionará diante da porta principal da Escola de Industriais. Solicítase ao profesorado que facilite a impartición, por parte do persoal do SERGAS, de charlas informativas de 5-10 minutos nas aulas o día anterior á campaña de doazón, factor clave para clarear dúbidas e conseguir unha alta participación.

### 13.5 Cambio horario materia

A Directora informa de que se acordou un cambio de horario na materia “Cartografía Temática e Teledetección”, materia da mención “Explotación de Minas” do Grao ERME. Este cambio ten o parecer conforme de todo o estudiantado matriculado e do profesorado da materia e supón cambiar a hora de docencia do mércores de 9:00 a 10:00 ao venres de 14:00 a 15:00 horas.